



HISTORIAS

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA





HISTORIAS

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

No vindeiro mes de febreiro fará trinta anos que, na cerna cultural de Compostela, comezou a latexar un novo corazón que falaba unha linguaxe universal: a da música sinfónica. A Real Filharmonía de Galicia naceu co firme propósito de enriquecer a vida cultural de Galiza e, desde entón, converteuse nunha peza chave do espírito da cidade e de todo o país. Celebramos tres décadas de emocións compartidas, de excelencia artística e de compromiso coa sociedade que traspasa varias xeracións e festexámolo non só como un aniversario, senón como unha expresión de gratitude, de memoria mais tamén de futuro.

Porque a música é, sobre todo, unha forma de construír comunidade e, en 1996, desde a nosa cidade, dotouse Galiza dunha orquestra propia, estable, de calidade, que falase con voz galega e alma universal. Unha iniciativa que se materializou grazas ao impulso firme dunhas institucións que souberon ver alén do presente, entendendo que o desenvolvemento cultural non é un luxo, senón unha necesidade.

É por iso que, como alcaldesa e presidenta do Consorcio de Santiago de Compostela, quero expresar, con emoción e respecto o meu agradecemento aos/ás responsables políticos/as que deron o primeiro paso para chegar até aquí; aos meus predecesores no cargo e a todas as persoas que, desde diferentes posicións e cunha clara vocación de servizo público, se comprometeron cun proxecto fondamente enriquecedor para a vida cultural da cidade e de Galiza pois a súa determinación foi fundamental para que trinta anos despois cada temporada a cidadanía poida seguir achegándose á música da man da Real Filharmonía de Galicia.

En primeiro lugar, quero mencionar o Auditorio de Galicia. Ben sabido é que é moito máis que un espazo escénico, é a casa da Real Filharmonía de Galicia desde os seus inicios

e o lugar onde as partituras cobran vida. Como sede e primeiro organismo de xestión da orquestra, foi o berce que acubillou esta aposta cultural pioneira, acollendo non só ensaios e concertos, senón tamén o día a día dunha realidade en crecemento constante. O Auditorio é, así, un símbolo de compromiso decidido coa cultura pública, accesible e de calidade, e un referente na vida cultural de Santiago, polo que manifesto o meu recoñecemento a todo o seu persoal sempre dedicado e disposto a levar adiante calquera iniciativa con entusiasmo e rigor.

Por suposto, non podo deixar de render homenaxe aos directores titulares que levaron a batuta durante estes trinta anos. Cada un deles foi una etapa nesta historia. Desde Helmuth Rilling, co que a orquestra comezou esta aventura artística e foi quen de marcar o camiño da excelencia, pasando pola figura de Antoni Ros Marbà cuxo liderado durante unha década deixou unha fonda e transformadora pegada para consolidar a orquestra como unha formación madura, con identidade propia e proxección estatal e de Paul Daniel quen, tamén nos dez anos da súa titularidade, ampliou o repertorio, diversificou a oferta musical e reforzou a capacidade de conectar con novos públicos até a chegada de Baldur Brönnimann, director cunha clara idea do que será unha orquestra do século XXI. E, desde logo, Maximino Zumalave director relevante no nacemento e consolidación da Real Filharmonía de Galicia para sustentar unha estrutura sólida, duradeira e intensamente arraigada na súa terra. A todos eles, grazas pola súa sensibilidade e a súa entrega. A Real Filharmonía de Galicia é hoxe o que é, sen dúbida, pola súa implicación persoal e polo seu labor apaiñado.

Tamén quero ter un agarimoso recordo para aqueles outros/as directores e directoras que nos acompañaron nestes anos, nomeadamente os/as que foron principais

directores/as convidados/as Christoph König, Jonathan Webb e Joana Carneiro mais tamén solistas, compositores e compositoras, actores, actrices que pasaron polo escenario do Auditorio de Galicia, e compartiron tempo e espazo coa Real Filharmonía protagonizando a vida cultural de Santiago e de Galiza, celebrando e conmemorando, estando presente en momentos solemnes e en xornadas festivas, nas prazas, nos xardíns, nos espazos máis emblemáticos da nosa cidade, do Estado, de Europa e de América Latina, levando consigo o nome de Galiza con orgullo e excelencia a través da arte.

E se hai algo que dá sentido a todo este camiño, é o público. As persoas abonadas que acudides cada semana ao Auditorio de Galicia, nos momentos estelares mais tamén nos anos difíciles, que acompañades a orquestra cunha fidelidade emocionante, que facedes da música unha cita regular, unha necesidade vital. Grazas por estardes, por escoitardes, por aplaudir, por emocionarnos, sen a vosa presenza, sen a vosa crítica, sen o voso alento, esta historia no tería sido a mesma, sodes o corazón da Real Filharmonía de Galicia.

E se o público é o corazón da Real Filharmonía de Galicia, as e os instrumentistas conforman a súa alma. Procedentes de todas as partes do mundo escolleron Compostela para desenvolver os seus plans vitais, para ver medrar fillos e fillas e contribuír coas súas carreiras profesionais. Co seu talento e sensibilidade seguen emocionando e facendo do escenario un fogar compartido.

E, por suposto, ao persoal administrativo, ao persoal e dirección técnica da orquestra así como as persoas á fronte da xerencia do Consorcio de Santiago de Compostela, non podo máis que parabenizalas e agradecerlles a súa xestión comprometida, xenerosa e mantida no tempo, para soste unha formación artística de excelencia

que transcende o musical, converténdose nun referente cultural, educativo e social. A súa visión e aposta como centro de desenvolvemento e a súa atención no cotián da orquestra son claves para chegarmos até aquí e seguir traballando con deveso polo que está por vir.

Vivimos tempos complexos, mais tamén sabemos que a cultura —e a música, en particular— seguirá sendo un pilar esencial dunha sociedade máis libre, máis empática e máis consciente. A Real Filharmonía de Galicia debe seguir sendo unha ferramenta para o pensamento compartido, para a memoria colectiva e para o futuro poñendo o foco no compromiso social, no vínculo co territorio e atendendo a sensibilidades diversas para lembrarnos quen somos e cara a onde queremos ir.

Na nova temporada que presentamos baixo o título "Historias", a orquestra contará a súa propia e outras descoñecidas e nela quere abrirse aínda máis á veciñanza, escoitar novas voces, explorar linguaxes, presentar intérpretes, soñar novos camiños sen esquecer as súas raíces e continuar sendo un faro artístico, un instrumento educativo e un símbolo de identidade.

Remato agradecendo a todas as persoas, entidades e institucións que, ao longo destes trinta anos, acompañaron a orquestra dalgunha maneira. Sodes parte imprescindible da súa historia mais tamén do que esta por vir.

Desexo que este aniversario sexa unha pausa para coller folgos, revisar e avanzar, que a música continúe a ser o lugar de encontro e que a Real Filharmonía de Galicia siga soando sempre nunha Compostela boa de vivir, orgullosa de si.

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela

A Real Filharmonía de Galicia celebra esta temporada o seu 30 aniversario, unha ocasión única para lembrar e festexar a historia compartida con todas as persoas que ao longo destas tres décadas fixeron posible a súa traxectoria. Músicas e músicos, directores e directoras, compositoras e compositores, persoal técnico, solistas, públicos e tamén aquelas institucións e proxectos que foron tecendo unha rede cultural que hoxe é referente en Galicia e máis alá. Entre os nomes que deixaron pegada destacamos os directores titulares Helmuth Rilling, Antoni Ros Marbá e Paul Daniel, o director asociado Maximino Zumalave e todas as persoas que contribuíron ao prestixio e evolución artística da orquestra.

Este aniversario non é só unha mirada agradecida ao pasado, senón tamén unha ocasión para celebrar o presente e proxectar, con ilusión e compromiso, o futuro da Real Filharmonía. Celebramos trinta anos de historia e, ao tempo, todo o que estamos a construír hoxe: unha estratexia de renovación, compromiso coa diversidade e inclusión, novos proxectos, colaboracións, renovación constante do repertorio e unha aposta polos públicos de hoxe e mañá. Queremos seguir sendo unha orquestra viva, conectada coa sociedade, capaz de evolucionar cos tempos e de inspirar as novas xeracións. Porque festexar anos é reafirmar a vontade de seguir facendo historia.

Nesta temporada, a Real Filharmonía volve ás súas orixes, á música que

marcou os seus primeiros pasos, recuperando obras como *Amadís de Gaula* de Johann Christian Bach, interpretada no seu concerto inaugural. Este regreso non é nostálgico, senón consciente: a RFG comparte con Santiago de Compostela un mesmo ADN, recoñecendo no pasado non só un legado, senón unha maneira de comprender o presente, plural e compartido. Este é o impulso que guía a temporada: conectar as músicas do pasado que deron pé a obras futuras. É o caso da homenaxe barroca na *Sinfonía nº 2* de Henri Dutilleux ou no *Concerto para cordas* de Grażyna Bacewicz; da referencia de Chaikovsky a Mendelssohn; da inspiración de Haydn na terceira de Sibelius; ou da pegada de Brahms nas partituras de Parry e Glanert. Obras que tenden pontes entre estilos e épocas e mostran o valor do diálogo entre compositores, xéneros, épocas e xeografías. A nova temporada incluírá sons de África e Norteamérica, música histórica e creación contemporánea, co desexo de que todos os universos sonoros teñan cabida en Compostela.

Ademais de todo isto, non podemos esquecer o que celebramos: a RFG, os seus músicos e a pegada que deixan no panorama cultural galego. Por iso, interpretaremos o que realmente é un concerto para orquestra, unha auténtica celebración da multitude de voces que a conforman: as *Variacións concertantes* de Alberto Ginastera, coa que pecharemos a temporada 25/26.

Nos últimos 35 anos, a creación da RFG foi clave para consolidar un

ecosistema musical sólido en Galicia. Este campo fértil deu lugar a unha nova xeración de intérpretes brillantes que desenvolven carreiras nos escenarios máis prestixiosos do mundo. Nesta celebración queremos recoñecer todas esas historias e convidar a estas persoas a volver á súa terra para festexar con nós, compartindo o seu talento coa sociedade que os viu medrar: Diego Ares, referente internacional do clave; Raquel Areal, violinista da Filharmonía de Berlín; Andrea Rey, mezzosoprano; Esteban Batallán, trompeta principal da Orquestra Sinfónica de Chicago; Silvia Rozas, frauta solista da Ópera de Hamburgo. A violinista Amandine Beyer, afincada en Galicia desde hai máis de 20 anos, continuará como artista en residencia. O seu talento representa a forza dun tecido musical galego vivo e recoñecido no mundo.

A formación e o desenvolvemento profesional son piares fundamentais da nosa acción. Os proxectos participativos, os programas didácticos, o Obradoiro de Composición e a figura de Dirección Asistente son exemplos do compromiso coa nova xeración, ofrecendo espazos de aprendizaxe, creación e visibilidade. A colaboración coa Escola de Altos Estudos Musicais reforza esta vocación formativa.

A RFG aposta pola diversidade de estilos e linguaxes musicais, tanto na programación sinfónica como nos ciclos específicos. (EN)FOCO é un ciclo pensado para achegar a música a novos públicos mediante propostas contemporáneas, híbridas e transversais, enriquecendo a oferta cultural e ampliando horizontes.

Un dos proxectos destacados é *Cometas*, unha serie de 16 pezas breves de cinco minutos, encargadas a 8 compositoras e 8 compositores galegos e do resto do Estado. Serán como pequenas estrelas fugaces que iluminarán cada semana da temporada, un agasallo á creación contemporánea e unha aposta polo presente e futuro da música sinfónica.

Porque a Real Filharmonía é moito máis ca unha institución musical: é un espazo de encontro, unha voz colectiva e un reflexo da sociedade galega. Ao longo destes 30 anos construímos un relato común feito de emocións, esforzos colectivos e paixón pola música. Sentimos a responsabilidade de seguir renovándonos, mantendo a proximidade e relevancia, e de continuar sendo fonte de inspiración para as vindeiras xeracións.

Este aniversario non é só unha data, senón unha celebración da vida cultural galega e da forza da música para conectar persoas, lugares e tempos. Convidámoslos a escribir con nós as novas historias da Real Filharmonía, unha orquestra que mira cara adiante co orgullo do seu pasado e a ilusión do que aínda está por descubrir.

Baldur Brönnimann

Director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia

AMANDINE BEYER ARTISTA EN RESIDENCIA

Desde o inicio da súa carreira, hai máis de vinte anos, Amandine Beyer ofreceu concertos en todo o mundo, tocando en prestixiosas salas como a Philharmonie de París, o Carnegie Hall de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, Bozar en Bruxelas, o Oji Hall de Toquio... É convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como a Freiburger Barock Orchester, Akademie Für Alte Musik, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto, Les Siècles, Finnish Baroque Orchestra...

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo Gli Incogniti co que se presenta nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia como do resto do mundo. Desde a gravación en 2008 das *Catro Estacións* de Vivaldi, que dá a coñecer o grupo ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e de Gli Incogniti é recibida calorosamente pola crítica e recompensada con numerosas distincións como o Diapason d'Or ou o Gramophone Editor's Choice.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Andreas Staier.

Amandine Beyer é profesora de violín barroco na Schola Cantorum Basiliensis desde 2010. Apaixonada da ensinanza e a transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. É convidada regularmente para impartir clases maxistras por todo o mundo.



Páx. 23 A CLÁSICA HISTORIA

XOV 16 OUT Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)

VEN 17 OUT Ourense (Teatro Principal)

Páx. 53 RETRATO DA NATUREZA

XOV 19 MAR Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)

VEN 20 MAR Vilagarcía de Arousa (Auditorio de Vilagarcía)

Páx. 66 ORIXES

XOV 28 MAI Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)

VEN 29 MAI Lugo (Círculo das Artes)

PROXECTO COMETAS

No 2026 a Real Filharmonía de Galicia (RFG) celebrará o seu 30º aniversario e queremos festexar coa nosa audiencia tres décadas de música, paixón e encontro dun xeito singular e simbólico.

Para conmemorar esta efeméride, encargamos unha serie de 16 breves obras sinfónicas, de ata 5 minutos de duración, que iluminarán o noso camiño como cometas de creatividade e inspiración, deixando un rastro luminoso no ceo da nosa temporada.

Serán obras de 8 compositoras e 8 compositores, 8 galegos e 8 españois. Cada unha destas pezas é unha estrea absoluta e forma parte dos programas da temporada 2025/2026, acompañando as grandes obras do repertorio sinfónico e establecendo un diálogo entre o pasado, o presente e o futuro da música. Imaxinamos estas obras como raios de luz, reflexións sonoras que, xuntas, construírán un mosaico diverso e vibrante da música contemporánea:

ANTÓN ALCALDE

LETICIA GOÁS

LULA ROMERO

HELENA CÁNOVAS

INÉS BADALO

SOFÍA ORIANA INFANTE

CARME RODRÍGUEZ

JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ-VERDÚ

NÚRIA GIMÉNEZ-COMAS

JOAN MAGRANÉ

JUAN DURÁN

NURIA NÚÑEZ HIERRO

VORO GARCÍA

OCTAVI RIMBAU

FRANCISCO DOMÍNGUEZ

GABRIEL ERKOREKA

Convidamos a compositores e compositoras de diferentes procedencias e estéticas a participar nesta celebración, enriquecendo a nosa programación cunha ampla variedade de voces e estilos.

O obxectivo é crear un espazo de encontro entre a tradición e a novidade, entre a identidade da nosa orquestra e a riqueza da creación actual.



CONCERTOS (EN) FOCO

Esta temporada, o ciclo **(EN)FOCO** ofrece tres concertos os venres pola noite que manteñen o formato dunha hora de duración, son concertos con comentarios para facilitar a comprensión das obras interpretadas. Pero este ano damos un paso máis e incorporamos un repertorio máis transversal, rompendo fronteiras estilísticas:

VEN 21 NOV.

→ *CINEUROPA Sing- Sing*. Filme de Greg Kwedar proxectado coa música en directo da súa banda sonora, composta por Bryce Dessner. Ver páx. 30.

VEN 13 FEB.

→ *Philipp Glass*. Programa monográfico sobre o compositor minimalista co cuarteto de saxofóns Kebyart. Ver páx. 47.

VEN 10 ABR.

→ *Rapsodias africanas*. Concerto arredor do intérprete africano Seckou Keita. Ver páx. 58.

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA **2025/26**
30 ANIVERSARIO

Así, o ciclo inclúe a banda sonora da película *Sing-Sing* (que será interpretada en vivo durante a proxección do filme), do compositor Bryce Dessner; un monográfico dedicado a Philip Glass e un concerto arredor da música africana coa presenza do recoñecido intérprete de kora Seckou Keita. Unha proposta para atraer un público diverso, tanto para quen se achega por primeira vez como para os habituais que buscan novas experiencias musicais.

Tras o concerto, a cafetería Lasso do Auditorio convértese no punto de encontro para compartir impresións e coñecernos mellor. Por iso, ofrecemos entradas que inclúen petisco e bebida para gozar desta experiencia completa.

Pódense mercar entradas para cada concerto, mais para as persoas interesadas en compartir con nós esta experiencia completa deseñamos un abono para estes tres concertos. Velaquí as modalidades de entradas **(EN)FOCO**:

ENTRADAS SOLTAS

→ 15€ ou 21€ con petisco e bebida na cafetería LASSO

ABONOS

→ Abono 3 concertos **(EN)FOCO** (sen petisco nin bebida): 40€

→ Abono 3 concertos **(EN)FOCO** (con petisco e bebida): 58€

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

SETEMBRO
2025

CONCERTOS NOS BARRIOS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Cometa: Encarga a Juan Durán. Estrea absoluta

Wolfgang Amadeus Mozart: Abertura d'As Vodas de Fígaro

Edward Elgar: Salut d'amour, Op. 12

Antonín Dvořák: Serenata en Re menor, op. 44, B. 77 (1º e 2º mov.)

Louise Farrenc: Sinfonía nº 3 en Sol menor, Op. 36 (1º mov.)

Wojciech Kilar: Orawa

Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 1 en Do maior, Op. 21 (1º mov.)

Os **Concertos nos Barrios** son unha iniciativa da Real Filharmonía de Galicia coa que busca achegar a música sinfónica a todos os recunchos de Santiago, levando a orquestra fóra do Auditorio para conectala directamente coa cidadanía. Nestes concertos preséntanse os contidos na nosa temporada, cun formato máis próximo e comentado polo propio director, Baldur Brönnimann. Con esta proposta, a orquestra quere romper os muros invisibles que afastan a moitas persoas da música clásica, e demostrar que esta forma de arte é de todas e para todas as persoas. Música, diálogo e proximidade convértense así en ferramentas para construír unha cidadanía máis cohesionada, aberta e culturalmente activa.

XOV 18 SET (Entrada libre)

Centro Socio Cultural de Santa Marta, 19:30 h

VEN 19 SET (Entrada libre)

Igrexa Santo Agostiño 19:30 h

MÉR 24 SET (Entrada libre)

Casa das Máquinas - Galeras, 19:30 h

XOV 25 SET (Entrada libre)

Igrexa de Santa María da Mercede de Conxo, 19:30 h


VEN 26 SET (Entrada libre)

Centro Comercial Área Central, 19:30 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

OUTUBRO 2025

SENSOXENOMA25

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA E BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sebastian Zinca, director

Casiano Mourinho Maquieira, director

Programa sorpresa

VEN 3 OUT (5 €)

Auditorio de Galicia, 19:30 h

Sensoxenoma é un proxecto pioneiro que une ciencia e música para estudar como o estímulo musical afecta á expresión dos xenes e á saúde cerebral. Impulsado polo Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS), en colaboración coa Real Filharmonía de Galicia e, por segundo ano consecutivo, coa Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, realiza concertos experimentais nos que se recollen mostras biolóxicas (saliva, sangue, bágoas) de persoas voluntarias antes, durante e despois das actuacións. Os resultados amosan que a música pode modular a expresión xénica en pacientes con enfermidades neurodexenerativas, como o alzhéimer, suxerindo un efecto compensatorio beneficioso. Este proxecto sitúa a Galicia na vangarda da investigación en sensoxenómica, conectando arte e ciencia para mellorar a calidade de vida das persoas.



HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

DEIXA QUE CHE CONTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Ilse Eerens, soprano

Cometa: Encarga a Inés Badalo. Estrea absoluta

Hans Abrahamsen: Let me tell you.

Piotr Ilich Chaikovsky: Sinfonía núm. 1 en Sol menor,
Op. 13, TH 24 "Soños de inverno"

XOV 9 OUT (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 10 OUT

Auditorio de Ferrol, 20.00 h

Inés Badalo presenta a primeira estrela dun firmamento sonoro co que dezaseis compositores homenaxeán a Real Filharmonía de Galicia no seu 30º aniversario e que titulamos Proxecto Cometas. Aberto tamén ao infinito, o ciclo de cancións *Let me tell you*, do danés Hans Abrahamsen, contén as 481 palabras que Shakespeare pon nos beizos de Ofelia, quen medita poeticamente sobre o fascinio do pasado, do presente e do porvir. Este entresoño enlaza con *Soños de inverno*, a primeira das sinfonías dun Piotr Ilich Chaikovsky de tan só 26 anos. A súa escrita foi esgotadora e tortuosa, acentuada pola difícil relación que Chaikovsky tiña co director do Conservatorio de Moscova, Nikolái Rubinstein, insatisfeito coa partitura; cando finalmente se interpretou completa, foi saudada pola crítica como unha grande obra, que só podería ser escrita por un verdadeiro ruso.

Coa participación do alumnado da EAEM

A CLÁSICA HISTORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora

Diego Ares, clavecín

Carl Philipp Emanuel Bach: Sinfonía en Mi menor H. 652 (W. 177)

Franz Josef Haydn: Concerto para clavecín en Re maior

Franz Josef Haydn: Concerto para violín e clave Hob. XVIII: 6,
en Fa maior

Luigi Boccherini: Sinfonía en Do menor, Op. 41, G. 519

XOV 16 OUT (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Amandine Beyer e Diego Ares

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 17 OUT

Teatro Principal, 20:00 h

OURENSE

Alumno avantaxado do seu pai, Carl Philipp Emanuel Bach afástase do estilo do vello perruca, así chamado polo menor dos fillos, Johann Christian. Esa distancia reflíctese na modernidade da *Sinfonía en Mi menor*, unha obra que explora un novo universo emocional, do que será mestre Joseph Haydn. Os seus concertos, eclipsados polo peso das sinfonías, sorprenden pola súa brillantez, como o *Concerto para clave en Re maior*, un hit desde a súa publicación, ou o *Concerto dobre para violín e clave en Fa maior*, de gran dificultade técnica, ocasión excepcional para gozar da mestría da artista en residencia, Amandine Beyer. Pecha o programa a *Sinfonía en Do menor* de Luigi Boccherini, quen, tras pasar por París, se instalou en Madrid, onde morreu en 1805 logo dunha vida agriadoce na Corte. Esta sinfonía é un bo exemplo das novidades expresivas do novo estilo clásico.



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

CONCERTOS DIDÁCTICOS PLAYLIST RFG

→ Proxecto para alumnado de Secundaria

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Miguel Ángel Cajigal "El Barroquista",
concepto e narración
Sebastian Zinca, director

XOV 23 OUT

Auditorio de Galicia, 11:00 h (Para centros educativos)

VEN 24 OUT

Auditorio de Galicia, 11:00 h (Para centros educativos)

SÁB 25 OUT (3€)

Auditorio de Galicia, 18:00 h (Concerto familiar)

A música é unha linguaxe propia, que varía segundo as necesidades de cada momento e situación. Detrás de cada melodía, do uso de cada instrumento e da elección de cada compás agóchanse intencións diversas, que o noso cerebro aprende a interpretar dende que temos as nosas primeiras experiencias musicais. Neste programa exploraremos algunhas das principais ideas e emocións da música ao longo da historia, coma se elaborásemos a nosa propia *playlist* de momentos musicais.



HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

NOVEMBRO
2025

ELEXÍA PARA BRAHMS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Ruth Reinhardt, directora

Cometa: Encarga a Núria Giménez-Comas. Estrea absoluta

Hubert Parry: Elexía para Brahms

Detlev Glanert: Idyllium. Estrea en España

Johannes Brahms: Serenata núm. 2 en La maior, Op. 16

XOV 6 NOV (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Ruth Reinhardt

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 7 NOV

Centro Cultural Afundación,
20:30 h, PONTEVEDRA

Núria Giménez-Comas dá luz coa súa *Cometa* ao compositor, aínda na escuridade, Hubert Parry. Pacifista e sufraxista convencido, Parry iniciou o renacemento da música británica con obras tan emotivas como *Elexía para Brahms*, que non escoitou en vida. A obra de Detlev Glanert, *Idyllium* é unha homenaxe ao Brahms alegre e refinado da *Segunda Sinfonía*; por iso, só podía ser Brahms quen puxese o broche final ao programa coa *Serenata núm. 2*, dedicada á que foi a súa musa, Clara Schumann. Os seus cinco movementos despregan o inconfundible melodismo brahmsiano, a través dunha elección instrumental tan insólita como reveladora.

Coa participación do alumnado da EAEM

A FAMILIA SCHUMANN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

Cometa: Encarga a Leticia Goás. Estrea absoluta

Gabriela Ortiz: Clara. Estrea en España

Robert Schumann: Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior,
Op. 97 "Renana"

MÉR 12 NOV

Centro Cultural Afundación,
20:00 h, VIGO

XOV 13 NOV (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19:45 h

Leticia Goás introduce unha das compositoras máis relevantes de América, Gabriela Ortiz, quen reivindica a mestizaxe como ponte entre a alta cultura e a cultura popular, unindo a tradición europea coa mexicana. *Clara* é unha obra en cinco movementos que homenaxea a Clara Schumann, evocando momentos da súa intensa relación con Robert Schumann. Cinco movementos ten tamén a *Sinfonía núm. 3*, que pecha o programa, así como cinco tiña a *Sinfonía Pastoral* do seu admirado Beethoven. Schumann compuxo a partitura en 1850, evocando a viaxe que realizaron o matrimonio e os seus sete fillos pola Renania, acompañándoo no seu novo cargo como mestre de capela en Düsseldorf. Todos os estados de ánimo polos que transitou nese período están presentes nesta partitura (titulada *Renana* polo seu poderoso editor Simrock), na que o cuarto movemento constitúe o momento de maior exaltación romántica.

Coa participación do alumnado da EAEM



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Ben Voce, director

Sing-Sing. Estrea en España

Director do filme: Greg Kwedar

Música: Bryce Dessner (2023)

XOV 20 NOV

Auditorio de Galicia, 20:30 h

(15 €) Para persoas abonadas
e público xeral

(EN)FOCO #1 - VEN 21 NOV

Auditorio de Galicia, 20:30 h

(15€ ou 21€ con petisco e bebida)
Para público xeral

Cineuropa chega este ano aos atrás da Real Filharmonía con *Sing-Sing*, película dirixida por Greg Kwedar e estreada en 2024. Probablemente o nome de Bryce Dessner se asocia máis ás bandas sonoras de *The Revenant* ou *Os dous Papas*, aínda que o músico de Ohio conta cunha sólida traxectoria sinfónica. En Dessner conflúen o compositor de música orquestral e o guitarrista de rock da banda *The National*, con premios como os Globos de Ouro e os Grammy en ambas facetas. Entre as súas influencias conviven, con sorprendente harmonía, Brian Eno, Johann Sebastian Bach e Steve Reich. Para *Sing-Sing*, Dessner traduce en música o *leitmotiv* do filme —o poder transformador da arte como forza de resistencia dun home inocente, encarcerado— e faíno a través dunha partitura que evoca, ante todo, a liberdade.

2025/26
30 ANIVERSARIO

MÚSICA MASÓNICA CICLO DE LIED

Ilker Arcayürek, tenor

Maciej Pikulski, piano

Coro Masculino dos Amigos da Ópera
de Santiago de Compostela

Joan Company, director do coro

Música masónica para voz, piano e coro masculino
Wolfgang Amadeus Mozart:

O heiliges Band der
Freundschaft KV 148

Gesellenreise KV 468

Kleine Deutsche Kantate
KV 619

An die Freude KV 53

Zerfließet heut, geliebte
Brüder KV 483

Ihr unsre neuen Leiter
KV 484

Lasst uns mit
geschlungenen Händen
KV 623 (a)

Laut verkünde unsre
Freude KV 623

Dir, Seele des Weltalls
KV 429

Die Maurerfreude
KV 471


XOV 27 NOV (12€)

Auditorio de Galicia, 20:30

Mozart, fascinado polas ideas e a dimensión espiritual da masonería, que descobre grazas ao seu benfeitor, o diplomático Gemmingen, ingresou aos 28 anos na loxia masónica vienesa Zur Wohltätigkeit ("Beneficencia"). Pronto se converteu nun membro entusiasta e dedicou a súa sensibilidade artística a compoñer obras influenciadas pola filosofía e o simbolismo masónicos. Estas composicións, de gran valor estético e espiritual, estaban dirixidas tanto a cerimonia masónica como ao público xeral, sempre inspiradas nos valores e ritos da Irmandade.

AdOC
Amigos da Ópera
de Compostela

En colaboración con Amigos da Ópera
de Santiago de Compostela



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

DECEMBRO 2025



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

IRMANDADE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Cometa: Encarga a Carme Rodríguez. Estrea absoluta

Arvo Pärt: *Fratres*

Grażyna Bacewicz: Concerto para orquestra de corda

Louise Farrenc: Sinfonía núm. 3 en Sol menor, Op. 36

XOV 4 DEC (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 5 DEC

Círculo das Artes, 20:00 h

LUGO

Toma o relevo da compositora galega Carme Rodríguez o estoniano Arvo Pärt, un compositor da espiritualidade. *Fratres* é unha peza composta en 1977 a partir dun simple intervalo no que o violín inicia un percorrido pola éxtase, a axitación e a luz. Inefable é tamén a estética da compositora polaca Grażyna Bacewicz, quen fora excelente violinista e pianista ata que un grave accidente a levou a centrarse na composición, de cuxo talento melódico é excepcional mostra o *Concerto para orquestra de cordas*. Outra compositora pecha o programa, a francesa Louise Farrenc: pedagoga, intérprete, estudosa e recoñecida compositora no seu tempo, foi admirada por Berlioz polo seu inhabitual talento sinfónico. En 1849 estreou a *Sinfonía núm. 3 en Sol menor*, que foi a súa última obra sinfónica, na que conflúen a expresividade do clarinete de Mozart e a súa devoción por Beethoven.

Coa participación do alumnado da EAEM

2025/26
30 ANIVERSARIO

SELECCIÓN NOVO/A DIRECTOR/A ASISTENTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann e finalistas

Cometa: Encarga a Joan Magrané. Estrea absoluta

György Ligeti: Concerto romanés

Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 1 en Do maior, Op. 21

XOV 11 NOV (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19:45 h

A selección de director/a asistente é un proxecto da Real Filharmonía de Galicia co que a orquestra busca contribuír á formación práctica de novas direccións orquestrais, ofrecendo unha experiencia real de traballo cunha orquestra profesional ao longo do ano 2025. A través dun proceso de selección, diferentes candidatas e candidatos teñen a oportunidade de dirixir a RFG nun concerto aberto ao público. A iniciativa forma parte do compromiso da RFG coa educación musical e co futuro do sector, facilitando o camiño a novas xeracións de artistas. A orquestra dirixida polas persoas aspirantes interpretará o *Concerto romanés* de Ligeti no que canalizar a forza expresiva que descubriu no folclore romanés "auténtico" e a *Sinfonía núm. 1* de Beethoven, obra que foi acollida con certa incompreensión, especialmente polo tratamento innovador e audaz do xénero, trazos que marcarán toda a súa produción sinfónica futura.





REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

CANTAMOS!

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Proxecto participativo con coros de Galicia

Coros participativos

Javier Fajardo, director

Milan Péricas, barítono

Andrea Rey, mezzosoprano

Aberturas, coros e arias das óperas máis representativas de Wolfgang Amadeus Mozart, Gioachino Rossini, Giuseppe Verdi, Gaetano Donizetti e Georges Bizet.

XOVES 18 DEC

Auditorio de Galicia, 20:30 h

(15 €) Personas abonadas e público xeral

VEN 19 DEC

Auditorio de Galicia, 20:30 h

(15 €) Público xeral

CONVERSANDO CON...

Javier Fajardo

Sala Mozart, 19:45 h

O director galego Javier Fajardo volve poñerse á fronte de *Cantamos!*, proxecto co que a Real Filharmonía convida a participar a todos os coros galegos afeccionados que o desexen. A terceira edición desta iniciativa participativa céntrase na ópera, un xénero de vocación universal que, porén, tantas veces permanece alleo ao gran público. *Cantamos!* permite achegarse a ela dun xeito único: interpretándoa e escoitándoa desde dentro, nunha experiencia colectiva de gran valor transformador. Mozart, Rossini, Verdi, Donizetti e Bizet son imprescindibles por esta razón. A súa música relata historias de amores e celos, de coraxe e entrega, de renuncias e xenerosidade. As súas óperas forman parte da vivencia da humanidade e seguen a ser unha ferramenta viva para a transmisión de emocións, coñecemento e identidade colectiva. Que mellor maneira de amalas que dando vida ás súas partituras.

Proxecto en colaboración con:



Federación de Coros De Galicia



En colaboración con Amigos da Ópera de Santiago de Compostela

Coa participación do alumnado da EAEM

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

XANEIRO 2026



REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

A CINCENTA CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Lorena Conde, dramaturxia

Belén Constenla, actriz

Lidia Veiga, actriz

Sergei Prokófiev: A cincenta (selección)

LUNS 5 XAN

Auditorio de Galicia, 20:30 h

(15 €) Personas abonadas

e público xeral

MAR 6 XAN

Auditorio de Galicia, 20:30 h

(15 €) Público xeral

De neno prodixio do piano, Prokófiev converteuse nun dos grandes compositores de Europa. Casado coa soprano española Lina Codina —cuxo carisma inspirou a Coco Chanel para o seu famoso perfume núm. 5—, deixou obras brillantes como *O amor das tres laranxas* e *Pedro e o lobo*, mentres vivía aventuras propias dun filme de espionaxe, con misterios e ata un triángulo amoroso. *A Cincenta* estreouse en 1945 e foi unha das poucas historias cheas de felicidade dese ano tan complicado. Nesta obra máxica, Prokófiev conta en música o amor soñado entre Cincenta e o Príncipe: dende o seu encontro ata os seus retos, pasando polo momento emocionante do final feliz. Coa creativa dramaturxia de Lorena Conde, a Real Filharmonía de Galicia trae este conto popular ao escenario nun espectáculo divertido e familiar, ideal para gozar xuntos. Un plan perfecto para regalar este Nadal ou para sorprender aos máis pequenos no día de Reis.



2025/26
30 ANIVERSARIO

ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

Thomas Dausgaard, director

Programa por determinar

XOV 15 XAN (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h





REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

IMPRESIÓNS NOCTURNAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Johanna Malangré, directora

Alexandra Dariescu, piano

Cometa: Encarga a Lula Romero. Estrea absoluta

Maurice Ravel: Pavana para unha infanta difunta

Maurice Ravel: Concerto para piano en Sol maior

Mary Howe: Stars. Estrea en España

Gabriel Fauré: Suite de Pelléas et Mélisande, Op. 80

XOV 22 XAN (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Johanna Malangré

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 23 XAN

Auditorio de Ferrol, 20:00 h

FERROL

Despois da *Cometa* de Lula Romero, celebramos o 150 aniversario de Ravel con dúas obras. A primeira, *Pavana para unha infanta defunta*, alude a unha imaxinaria corte española. Moi distinto é o *Concerto para piano en Sol maior*, influído pola viaxe de Ravel a Nova York e marcado desde o inicio —cun látego— polo espírito do jazz.

A estadounidense Mary Howe foi unha grande orquestradora, e compuxo boa parte da súa obra sinfónica na colonia artística de Nova Hampshire. *Stars* naceu tras longas noites contemplando o ceo desde o seu soportal; tamén nocturna é *Pelléas et Mélisande*, que fascinou a Schoenberg, Debussy e Sibelius. Fauré escribiu a música incidental para a obra teatral en 1898 e despois a suite. O que hoxe é o movemento máis célebre, a *Sicilienne*, foi un engadido.

Coa participación do alumnado da EAEM

2025/26
30 ANIVERSARIO

AO LONXE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Raquel Areal, violín

Cometa: Encarga a Voro García. Estrea absoluta

Serguéi Prokófiev: Concerto para violín núm. 2 en Sol menor, Op. 63

Jean Sibelius: Sinfonía núm. 2 en Re maior, Op. 43

XOV 29 XAN (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Raquel Areal

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 30 XAN

Centro Cultural Afundación,

20:00 h, VIGO

Voro García dá paso ao regreso de Serguéi Prokófiev aos atrás da Real Filharmonía co *Concerto para violín núm. 2*. Composto en 1935, sepáranos case trinta anos do primeiro, co que comparte mestría e pouco máis. Preparado para regresar á URSS tras un longo período de éxitos fóra, este concerto foi o último encargo que Prokófiev recibiría do mundo occidental. A súa estrea, en Madrid, incluíu castañolas.

Igualmente convulsa foi a vida do compositor finés Jean Sibelius, quen loitou durante a súa longa existencia contra a bancarrota e a enfermidade. A *Sinfonía núm. 2*, escrita en 1902 despois dunha breve estancia en Italia, non anticipa, porén, ese triste itinerario vital. A profusión de motivos melódicos marca os seus catro movementos, estruturados segundo un esquema formal conservador que xa abandonaran Mahler ou Stravinski.

Coa participación do alumnado da EAEM



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

FEBREIRO 2026



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

ILUMINACIÓNS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Agata Zajac, directora

Silvia Rozas Ramallal, frauta

Cometa: Encarga a Helena Cánovas Parès. Estrea absoluta

Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto para frauta núm. 1
en Sol maior, KV. 313 (285c)

Francis Poulenc: Sinfonietta

XOV 5 FEB (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Agata Zajac e Silvia Rozas Ramallal

VEN 6 FEB

OURENSE, 20:00 h

A proposta de Helena Cánovas abre un concerto iluminado por un Mozart de tan só 22 anos, que en 1778 vive un ano trágico, cando a súa nai morre en París mentres o acompañaba nunha xira. A beleza e perfección do *Concerto para frauta núm. 1* elévanse por riba da adversidade, contradicindo a idea tan manida de que o músico sentía aversión por este instrumento de vento.

Autodidacta e cunha desbordante cultura, Francis Poulenc deixou unha inmensa obra, cada vez máis valorada. Guiado polo seu amor a Bach e apegado á melodía como referente a reivindicar, compuxo en 1947 a *Sinfonietta*, unha obra ecléctica, de magnífica orquestración, que recolle distintos estilos nunha refinada atmosfera neoclásica.

2025/26
30 ANIVERSARIO

(EN)FOCO #2: PHILIP GLASS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Novo/a director/a asistente da RFG

Kebyart, cuarteto de saxofóns

Philip Glass: *Company*.

Philip Glass: Concerto Grosso. Estrea en España

Philip Glass: Concerto para cuarteto de saxofóns

VEN 13 FEB (15€ ou 21€ con petisco e bebida)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Philip Glass goza dun recoñecemento pouco común en vida grazas a unha música que privilexia a comunicación directa co público. Formado nos Estados Unidos e en París, incorpora influencias orientais e do jazz na súa estética. O seu estilo é inconfundible pola sinxeleza melódica, a repetición e o diálogo coa música urbana, sobre todo a neoiorquina. *Company* é o arranxo para cordas do seu *Cuarteto núm. 2*, marcado por unha intensidade dramática progresiva e unha pulsión rítmica constante, como un mantra. O *Concerto Grosso* de 1992 foi composto para a cidade natal de Beethoven, cuxa presenza espiritual se sente na obra, na que cada movemento está pensado para unha familia orquestral distinta. Tres anos despois escribiu o *Concerto para cuarteto de saxofóns*, unha peza lírica que destila a maxistral sinxeleza de Glass.



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

MARZO
2026

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

HISTORIAS DA HISTORIA

30º ANIVERSARIO RFG

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

Programa sorpresa

SÁB 28 FEB (15€)
Auditorio de Galicia,
20:30 h

MÉR 4 MAR
Centro Cultural Afundación,
20:00 h, VIGO

XOV 5 MAR
Auditorio de Ferrol, 20:00 h
FERROL

VEN 6 MAR
Palacio da Ópera, 20:00 h
A CORUÑA

Coa participación do alumnado da EAEM

2025/26
30 ANIVERSARIO

HISTORIAS EN PALABRAS

CICLO DE LIED

Franz-Josef Helig, baixo
Gerokd Huber, piano

Franz Schubert:

Der Wanderer D489
Auf der Donau D553
Fahrt zum Hades D526
Der Tod und das
Mädchen D531
Prometheus D674

Hugo Wolf:

Grenzen der Menschheit
Abendbilder, 3 Oden
von Lenau

Rudi Stephan:

Zwei ernste Gesänge
Am Abend
Memento vivere
Dmitrij Schostakowitsch:
Suite auf Verse von
Michelangelo Buonarroti,
Op. 145

XOV 5 MAR (12€)
Auditorio de Galicia, 20:30 h

O *lied* evoluciona fondamente desde o Romanticismo ata o século XX. Schubert establece as súas bases do xénero con profundidade emocional mentres Wolf intensifica a unión entre música e poesía co seu dramatismo expresivo. Do simbolismo refinado de Stephan, a través dunha linguaxe moderna, sutil e suxestivo, ata Shostakóvich quen converte o lied nunha forma de reflexión crítica cuxa *Suite sobre versos de Miguel Ángel* xera un espazo de meditación sobre a arte, a morte e o poder.

AdOC
Amigos da Ópera
de Compostela

En colaboración con Amigos da
Ópera de Santiago de Compostela



CONCERTOS DIDÁCTICOS SON SALVAXE!

→ Proxecto para alumnado 2º Ciclo Primaria

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

La Maquiné, compañía de teatro

Dramaturxia e dirección artística:

Joaquín Casanova e Elisa Ramos

Director musical: José López-Montes

Intérpretes: Noé Lifona e Elisa Ramos

Música de José López-Montes

XOV 12 MAR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

(Para centros educativos)

VEN 13 MAR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

(Para centros educativos)

SÁB 14 MAR (3€)

Auditorio de Galicia, 18:00 h

(Concerto familiar)

Son salvaxe! é a emocionante historia de Mona, unha nena criada na selva por un gorila chamado Koko. Un día, os seres humanos invaden e destrúen o seu fogar, levan a Mona á civilización para educala e encerran a Koko nun zoolóxico. Aínda que Mona se adapta ao novo mundo que lle impoñen, non é feliz. Con valentía e amor, emprende unha viaxe para rescatar a Koko. A historia de Mona e Koko inspirará a moitas persoas a reflexionar sobre a importancia de protexer o noso planeta e tomar medidas para conservar a súa beleza e biodiversidade. Unha aventura familiar chea de emoción e ensinanzas inesquecibles.

RETRATO DA NATUREZA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora

Jean-Philippe Rameau: Suite da ópera "Naïs"

Jean-Marie Leclair: Concerto para violín en La menor
núm. 5, Op. 7

Georg Muffat: Concerto grosso núm. 12 en Sol maior,
"Propitia Sydera"

Justin Heinrich Knecht: Sinfonía Pastoral en Sol maior
"O retrato musical da natureza"

XOV 19 MAR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Amandine Beyer, directora

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 20 MAR

Auditorio de Vilagarcía,

20:30 h, VILAGARCÍA

Falecidos ambos en París en 1764, Jean-Philippe Rameau e Jean-Marie Leclair son os piares do Barroco francés tardío. Rameau, inclinado pola música escénica, compuxo *Naïs* en 1749 para celebrar a Paz de Aquisgrán mentres que o *Concerto para violín núm. 5* de Leclair desprega unha elegancia melódica íntima, menos marcial. Georg Muffat foi dos primeiros compositores en especificar como se debía interpretar a súa música; o seu *Concerto grosso núm. 12* presenta unha retórica musical de raíz luterana, articulada en afectos contrastantes que evocan poeticamente o seu título "astros propicios": solemnidade, ímpeto rítmico, lirismo contido e seccións fugadas. Ao contrario que Muffat, Knecht permaneceu case toda a súa en Alemaña. Coetáneo de Haydn e Mozart, a súa *Sinfonía Pastoral* prefigura a monumental de Beethoven nas súas alusións programáticas.

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

ESPELLOS SONOROS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Juan Pérez Floristán, piano

Cometa: Encarga a José María Sanchez Verdú.
Estrea absoluta

Béla Bartók: Concerto para piano núm. 2, BB 101

Henri Dutilleux: Sinfonía núm. 2 "Le Double"

XOV 26 MAR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Juan Pérez Floristán

Sala Mozart, 19:45 h

Despois da obra de Sánchez Verdú completan o programa Bartók e Dutilleux, que abraiaaron pola riqueza tímbrica das súas creacións, ligadas ao folclore maxiar no primeiro e á poética no segundo. *O Concerto para piano núm. 2*, un dos máis esixentes do século XX, zumega claridade expresiva e transparencia orquestral. Os seus tres movementos desenvolven un palíndromo, tan do gusto bartókiano. Pertencente a unha familia de artistas, Dutilleux recatalogou a súa obra rexeitando o que compuxera antes da ocupación. O seu talento abriu novas vías á música clásica que tamén transmitiu ao seu alumnado. A súa *Sinfonía núm. 2* destaca pola orixinal disposición escénica: un grupo sinfónico principal dialoga cun conxunto de cámara independente. Concibida con refinamento orquestral, ofrece unha paleta tímbrica innovadora, con ritmos que flúen coma unha forma líquida.

Coa participación do alumnado da EAEM

HISTORIAS

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

ABRIL
2026



REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

(EN)FOCO #3: RAPSODIAS AFRICANAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Clark Rundell, director

Seckou Keita, intérprete de kora

Seckou Keita: African Rhapsodies (arranxos: D. Mantovani)
Estrea en España

VEN 10 ABR (15€ ou 21€ con petisco e bebida)
Auditorio de Galicia, 20:30 h

No terceiro enfoque, a RFG achégase a outras tradicións musicais, cun programa aberto a horizontes sonoros recollidos nese continente culturalmente tan afastado que é África. Seckou Keita descende dunha familia de reis senegaleses e dos ancestrais músicos *griot*; comezou a ser valorado en Europa a mediados dos 90, cando presentou a *kora*, mestura única entre laúde e arpa, da que é o gran referente internacional. Para este instrumento desenvolveu afinacións orixinais a partir das catro tradicionais de Senegal, Gambia, Guinea-Bissau e Malí. Seckou Keita combina todas estas posibilidades sonoras nun só instrumento, mantendo a raíz tradicional e xerando un son novo, expresivamente máis amplo. *Rapsodias africanas* é un diálogo sonoro a varias bandas, para o que despregou toda a súa mestría como arranxista o compositor Davide Mantovani.



2025/26
30 ANIVERSARIO

CONCERTOS DIDÁCTICOS ANIMALIA

→ Alumnado de 2º Ciclo Infantil e 1º Ciclo Primaria

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sofía Nereida, actriz e música

António Miguel Teixeira, actor e músico

Jan Wierzbza, director

Música de J. P. Rameau, A. Vivaldi, J. F. Haydn, G. Rossini,
P. I. Chaikovski

XOV 16 ABR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

(Para centros educativos)

VEN 17 ABR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

(Para centros educativos)

SÁB 18 ABR (3€)

Auditorio de Galicia, 18:00 h

(Concerto familiar)

Animalia é unha viaxe fantástica onde a música se atopa co mundo animal! Que historias nos contan os compositores? E que historias nos contan os gatos deses compositores?... Coas súas 7 vidas e moitas trasnadas, estes felinos especiais teñen historias sorprendentes para compartir! Entre saltos e miados, imos explorar como as notas da orquestra se mesturan coas aventuras felinas, e imos descubrir como cada melodía agocha segredos! Animalia é un espectáculo que presenta o mundo da orquestra e a creatividade dos grandes compositores, e que esperta a imaxinación e o gusto pola música, dun xeito divertido e accesible para os máis pequenos!



MARES DE HISTORIAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Cometa: Encarga a Gabriel Erkoreka. Estrea Absoluta

Fernando Buide: Mar ao Norde

Benjamin Britten: Four Sea Interludes da ópera Peter Grimes, Op. 33a

Jean Sibelius: Sinfonía núm. 3 en Do maior, Op.52

MÉR 22 ABR

Centro Cultural Afundación,
20:00 h, VIGO

XOV 23 ABR (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Un concerto con estéticas diversas comeza coa obra de Gabriel Erkoreka, que nos achega a *Mar ao Norde*, composta polo santiagués Fernando Buide en 2014 como homenaxe ao primeiro poemario de Álvaro Cunqueiro. A obra é case un concerto para seis violonchelos e orquestra, que percorren xuntos unha historia simbólica marcada polo mar, a noite e a inmensidade. Tamén no mar vive *Four Sea Interludes*, de Benjamin Britten, o principal compositor inglés do século XX. Pacifista e dono dun estilo persoal, é recoñecido polo uso expresivo da tonalidade, equilibrio formal e fonda sensibilidade dramática, xa visible nesta obra, extraída da ópera *Peter Grimes*. A *Sinfonía núm. 3* de Sibelius, a máis clásica das súas sete, consta de tres movementos que fan referencia ao nacemento, morte e resurrección de Cristo.

Coa participación do alumnado da EAEM

FENDAS DO SILENCIO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Vimbayi Kaziboni, director

Noè Rodrigo Gisbert e Adélaïde Ferrière, percusión

Cometa: Encarga a Francisco Domínguez. Estrea absoluta.

Rebecca Saunders: VOID. Estrea en España

Francisco Guerrero: Coma Berenices

XOV 30 ABR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Francisco Domínguez abre o concerto coa súa *Cometa*, introducindo un programa que conecta distintos xeitos de entender a creación contemporánea. Coa súa especial lucidez, a londiniense Rebecca Saunders explora o papel da música nunha sociedade en constante conflito, da que quere resaltar a humanidade que nos envolve. Inspirada en *Textos para nada* de Beckett, *VOID* debuxa, a través dunha ampla paleta orquestral, a flutuación entre ruído e son. A morte prematura de Francisco Guerrero, acaecida en 1997 cando tiña 47 anos, deixou en suspenso unha das máis orixinais formas de achegarse á música a partir das matemáticas. *Coma Berenices* está considerada a obra máis importante do compositor xienense; composta un ano antes da súa morte, a peza inspírase literalmente nas proporcións matemáticas existentes nesta constelación situada ao oeste de Leo.

En colaboración co Festival

RESIS



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

MAIO
2026

2025/26
30 ANIVERSARIO

OBRADOIRO DE COMPOSICIÓN RFG / RESIS.LAB

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Armando Merino, director

José Manuel López López, profesor de composición

VEN 8 MAI (Entrada gratuíta)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

O Obradoiro de Composición RFG / RESIS.LAB forma parte da liña estratéxica da Real Filharmonía de Galicia para apoiar a creación contemporánea e impulsar o talento emerxente. Esta será a súa terceira edición, e a segunda en colaboración co Festival RESIS. Durante unha semana, novos e novas compositoras traballan conxuntamente cunha orquestra profesional, baixo a dirección do director Armando Merino e coa orientación do compositor José Manuel López López. O proceso comezará en outubro cun chamamento internacional para a presentación de obras —o ano pasado recibíronse máis de 60!— das que se seleccionan 6 ou 7 para desenvolver no obradoiro, e que serán interpretadas nun concerto aberto ao público. Para unha orquestra, poucas cousas hai máis estimulantes que descubrir e traballar con novos talentos.

RESIS

2025/26
30 ANIVERSARIO

UNIVERSOS PARALELOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Zoe Zeniodi, directora

Esteban Batallán, trompeta

Cometa: Encarga a Nuria Núñez Hierro. Estrea absoluta

Britta Byström: *Parallel Universes*. Estrea en España

Johann Nepomuk Hummel: Concerto para trompeta
en Mi bemol maior

Arthur Honegger: Sinfonía núm. 2, H153

XOV 21 MAI (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Zoe Zeniodi e Esteban Batallán

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 22 MAI

Auditorio de Ferrol, 20:00 h

FERROL

Nuria Núñez Hierro introduce *Parallel Universes* da compositora sueca Britta Byström, na que propón traducir en música teorías cosmolóxicas sobre as realidades paralelas. Máis centrado na terra é o *Concerto para trompeta en Mi bemol maior* de Hummel, quen, a pesar de ser un neno prodixio como Mozart, deixou un bo posto de traballo como sucesor de Haydn na corte Esterházy para gozar de Weimar e da amizade de Goethe. A pesar da marabillosa escrita do concerto, o solista da estrea tomouse a liberdade de cambiar partes. E a trompeta lévamos tamén ata o final deste serán, como o instrumento que escolleu Honegger na súa *Sinfonía núm. 2* para conducirnos desde a anguria do París ocupado ata a afirmación da beleza da vida no terceiro movemento.

Coa participación do alumnado da EAEM





REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

ORIXES

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora

Georg Friedrich Händel: Suite núm. 1 en Fa maior, da Música Acuática, HWV 348

Carl Friedrich Abel: Sinfonía núm. 4 en Do maior, Op. 17

Johann Christian Bach: Abertura e Suite de Amadis de Gaula

XOV 28 MAI (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Amandine Beyer, directora

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 29 MAI

Círculo das Artes, 20:00 h

LUGO

Este programa desta noite viaxa desde o corazón do Barroco ata o Clasicismo, ofrecéndonos a posibilidade de apreciar a transformación estética dunha época. Haendel compuxo *A música acuática* para reconciliarse co seu protector, recentemente coroado rei de Inglaterra, tras dous anos de ausencia. Establecido tamén en Londres, Carl Friedrich Abel naceu en Köthen en 1723, cando remataba a súa estada alí Johann Sebastian Bach. As dúas familias mantiveron unha relación estreita, consolidada cando Carl Friedrich organizou en Londres os concertos Bach-Abel xunto a Johann Christian Bach. O alcoholismo de Abel precipitou unha carreira brillante, na que destaca a *Sinfonía núm. 4*, na que se albisca toda a perfección formal que florecería no Clasicismo. Masón como Abel, Johann Christian Bach sobresaíu como compositor de óperas como *Amadis de Gaula*, un fito na época.



HISTORIAS

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

XUÑO
2026

2025/26
30 ANIVERSARIO



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

VARIACIÓNS DA HISTORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Santiago Cañón, violonchelo

Cometa: Encarga a Octavi Rumbau. Estrea absoluta

Alberto Evaristo Ginastera: Variacións concertantes, Op. 23

Antonín Dvořák: Concerto para violonchelo e orquestra en Si menor, Op. 104

MÉR 3 XUÑ (18€)

**Centro Cultural Afundación,
20:00 h, VIGO**

XOV 4 XUÑ

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann
e Santiago Cañón
Sala Mozart, 19:45 h

A temporada chega ao seu fin coa *Cometa* de Octavi Rumbau, que ilumina as *Variacións Concertantes* de Alberto Ginastera, escritas por este compositor apaixonado polo folclore e pola vangarda, en pleno conflito co goberno de Perón. Estreadas en 1953, as *Variacións* subliman a música popular argentina. Ese mesmo amor polo folclore habita no checo Antonín Dvořák, como se revela no seu *Concerto para violonchelo e orquestra*, composto en Nova York durante a súa etapa como director do Conservatorio Nacional. Na obra latexa a súa relixiosidade e a súa fe na humanidade. O concerto comparte co *Stabat Mater*, composto tras a perda dos seus tres primeiros fillos, un mesmo alento, no que a dor trágica dá paso á esperanza. Non cabe mellor final para esta temporada que tantas historias nos ten ofrecido.

Coa participación do alumnado da EAEM



HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

HISTORIAS

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO



PLAYLIST RFG

→Proxecto para Alumnado de Secundaria

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Miguel Ángel Cajigal “El Barroquista”, concepto e narración

Sebastian Zinca, director

A música é unha linguaxe propia, que varía segundo as necesidades de cada momento e situación. Detrás de cada melodía, do uso de cada instrumento e da elección de cada compás agóchanse intencións diversas, que o noso cerebro aprende a interpretar desde que temos as nosas primeiras experiencias musicais. Neste programa exploraremos algunhas das principais ideas e emocións da música ao longo da historia, coma se elaborásemos a nosa propia *playlist* de momentos musicais.

XOV 23 OUT

Auditorio de Galicia, 11:00 h (Para centros educativos)

VEN 24 OUT

Auditorio de Galicia, 11:00 h (Para centros educativos)

SÁB 25 OUT (3€)

Auditorio de Galicia, 18:00 h (Concerto familiar)

SON SALVAXE!

→Alumnado 2º Ciclo Primaria

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

La Maquiné, compañía de teatro

Dramaturxia e dirección artística: Joaquín Casanova e Elisa Ramos

Director musical: José López-Montes

Intérpretes: Noé Lifona e Elisa Ramos

Música de José López-Montes

XOV 12 MAR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h (Para centros educativos)

VEN 13 MAR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h (Para centros educativos)

SÁB 14 MAR (3€)

Auditorio de Galicia, 18:00 h (Concerto familiar)

Son salvaxe! é a emocionante historia de Mona, unha nena criada na selva por un gorila chamado Koko. Un día, os seres humanos invaden e destrúen o seu fogar, levan a Mona á civilización para educala e encerran a Koko nun zoolóxico. Aínda que Mona se adapta ao novo mundo que lle impoñen, non é feliz. Con valentía e amor, emprende unha viaxe para rescatar a Koko. A historia de Mona e Koko inspirará a moitas persoas a reflexionar sobre a importancia de protexer o noso planeta e tomar medidas para conservar a súa beleza e biodiversidade. Unha aventura familiar chea de emoción e ensinanzas inesquecibles.

ANIMALIA

→Alumnado 2º Ciclo Infantil e 1º Ciclo Primaria

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Sofía Nereida, actriz e música

António Miguel Teixeira, actor e músico

Jan Wierzba, director

Música de J. P. Rameau, A. Vivaldi, J. F. Haydn, G. Rossini, P. I. Chaikovsky

XOV 16 ABR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h (Para centros educativos)

VEN 17 ABR

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h (Para centros educativos)

SÁB 18 ABR (3€)

Auditorio de Galicia, 18:00 h (Concerto familiar)

Animalia é unha viaxe fantástica onde a música se atopa co mundo animal! Que historias nos contan os compositores? E que historias nos contan os gatos deses compositores?... Coas súas 7 vidas e moitas trasnadas, estes felinos especiais teñen historias sorprendentes para compartir! Entre saltos e miados, imos explorar como as notas da orquestra se mesturan coas aventuras felinas, e imos descubrir como cada melodía agocha segredos! Animalia é un espectáculo que presenta o mundo da orquestra e a creatividade dos grandes compositores, e que esperta a imaxinación e o gusto pola música, dun xeito divertido e accesible para os máis pequenos!

SECCIÓN DA ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) é un centro de ensino musical creado en 1997 baixo a competencia da Xunta de Galicia.

A súa misión é a formación e perfeccionamento dos futuros profesionais da música, así como a organización de actividades de divulgación musical.

A EAEM está moi vinculada á Real Filharmonía de Galicia, coa que forma un único proxecto. O seu profesorado está formado practicamente na súa totalidade polos instrumentistas da RFG, o que outorga ao alumnado da EAEM a oportunidade de beneficiarse da experiencia e profesionalidade de músicos en activo altamente cualificados.

Actualmente, a EAEM propón 4 niveis de formación:

- [Curso Avanzado de Especialización Orquestral \(CAEO\)](#)
- [Curso de Especialización Instrumental \(CEI\)](#)
- [Curso de corda para nenos](#)
- [Clases maxistrais](#)

PARTICIPACIÓN ALUMNADO DA EAEM NA TEMPORADA DA RFG

Deixa que che conte: 9 e 10 outubro

Elexía para Brahms: 6 e 7 novembro

A familia Schumann: 12 e 13 novembro

Cantamos!: 18 e 19 de novembro

Impresións nocturnas: 22 e 23 de xaneiro

Ao lonxe: 29 e 30 de xaneiro

Historias da historia: 28 febreiro e 4, 5 e 6 de marzo

Espellos sonoros: 18 marzo

Mares de historias: 22 e 23 de abril

Universos paralelos: 21 e 22 de maio

Variacións da historia: 3 e 4 de xuño

CALENDARIO RESUMO

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

CONCERTOS DIDÁCTICOS

OUTUBRO 2025

XOV 23 →PROXECTO PARA ALUMNADO DE SECUNDARIA
VEN 24 **CONCERTOS DIDÁCTICOS: PLAYLIST RFG**
11:00 h Música de varios autores/as
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
M.A. Cajigal 'El Barroquista', narrador
Sebastian Zinca, director
Só centros educativos

SÁB 26 Auditorio de Galicia (3€)
18:00 h Concerto Familiar

MARZO 2026

XOV 12 →PROXECTO PARA ALUMNADO
VEN 13 DE 2º CICLO DE PRIMARIA
10:00 h **CONCERTOS DIDÁCTICOS:**
12:00 h **SON SALVAXE!**
Música de López-Montes
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
La Maquiné, compañía de teatro
Dramaturxia e dirección artística: Joaquín Casanova e Elisa Ramos
Director musical: José López-Montes
Intérpretes: Noé Lifona e Elisa Ramos
Só centros educativos

SÁB 14 Auditorio de Galicia (3€)
18:00 h Concerto Familiar

ABRIL 2026

XOV 16 →PROXECTO PARA ALUMNADO DE
VEN 17 2º CICLO DE INFANTIL E 1º CICLO PRIMARIA
10:00 h **CONCERTOS DIDÁCTICOS: ANIMALIA**
12:00 h Música de Vivaldi, Rameau, Haydn, Chaikovsky
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Sofía Nereida, actriz e música
António Miguel Teixeira, actor e músico
Jan Wierzbza, director
Só centros educativos

SÁB 18 Auditorio de Galicia (3€)
18:00 h Concerto Familiar

RFG EN GALICIA

OUTUBRO 2025

VEN 10 **DEIXA QUE CHE CONTE**
20:00 h Badalo, Abrahamsen, Chaikovsky
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Ilse Eerens, soprano
Auditorio de Ferrol, FERROL

VEN 17 **A CLÁSICA HISTORIA**
20:00 h C.P.E.Bach, Haydn, Boccherini
Amandine Beyer, directora
Diego Ares, clavecín
Teatro Principal, OURENSE

NOVEMBRO 2025

VEN 7 **ELEXÍA PARA BRAHMS**
20:30 h Giménez-Comas, Parry, Glanert, Brahms
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Ruth Reinhardt, directora
Centro Cultural Afundación, PONTEVEDRA

MÉR 12 **A FAMILIA SCHUMANN**
20:00 h Goás, Ortiz, Schumann
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Centro Cultural Afundación, VIGO

DECEMBRO 2025

VEN 5 **IRMANDADE**
20:00 h Rodríguez, Pärt, Bacewicz, Farrenc
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Círculo das Artes, LUGO

XANEIRO 2026

VEN 23 **IMPRESIÓNS NOCTURNAS**
20:00 h Romero, Ravel, Howe, Fauré
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Johanna Malangré, directora
Alexandra Dariescu, piano
Auditorio de Ferrol, FERROL

ABRIL 2026

MÉR 22 **MARES DE HISTORIAS**
20:00 h Erkoreka, Buíde, Britten, Sibelius
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, directo
Centro Cultural Afundación, VIGO

MAIO 2026

VEN 22 **UNIVERSOS PARALELOS**
20:00 h Núñez Hierro, Byström, Hummel, Honegger
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Zoe Zeniodi, directora
Esteban Batallán, trompeta
Auditorio de Ferrol, FERROL

VEN 29 **ORIXES**
20:00 h Handel, Abel, J.C.Bach
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Amandine Beyer, directora
Círculo das Artes, LUGO

XUÑO 2026

MÉR 3 **VARIACIÓNS DA HISTORIA**
20:00 h **REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Santiago Cañón, violonchelo
Centro Cultural Afundación, VIGO

VEN 30 **AO LONXE**
20:00 García, Prokófiev, Sibelius
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Raquel Areal, violín
Centro Cultural Afundación, VIGO

FEBREIRO 2026

VEN 6 **ILUMINACIÓNS**
20:00 h Cánovas, Mozart, Poulenc
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Agata Zajac, directora
Silvia Rozas Ramallal, frauta
Teatro Principal, OURENSE

MARZO 2026

MÉR 4 **30º ANIVERSARIO:**
20:00 h **HISTORIAS DA HISTORIA**
Programa sorpresa
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Centro Cultural Afundación, VIGO

XOV 5 **30º ANIVERSARIO:**
20:00 h **HISTORIAS DA HISTORIA**
Programa sorpresa
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Ferrol, FERROL

VEN 6 **30º ANIVERSARIO:**
20:00 h **HISTORIAS DA HISTORIA**
Programa sorpresa
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Palacio da Ópera, A CORUÑA

VEN 20 **RETRATO DA NATUREZA**
20:30 h Rameau, Leclair, Muffat, Knecht
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Amandine Beyer, directora e violín solista
Auditorio de Vilagarcía, VILAGARCÍA

SETEMBRO 2025

MÉR 22 **CONCERTOS NOS BARRIOS**

20:00 h Durán, Mozart, Elgar, Dvorák,
Farrenc, Kilar, Beethoven
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

XOV 18 Centro Socio Cultural de Santa Marta
19:30 h (Entrada libre)

VEN 19 Igrexa Santo Agostiño
19:30 h (Entrada libre)

MÉR 24 Casa das Máquinas - Galeras
19:30 h (Entrada libre)

XOV 25 Igrexa de Santa María da Mercede de Conxo
19:30 h (Entrada libre)

VEN 26 Centro Comercial Área Central
19:30 h (Entrada libre)

OUTUBRO 2025

VEN 3 **SENSOXENOMA25**

19:30 h Programa sorpresa
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA E BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Sebastian Zinca e Casiano Mouriño, directores
Auditorio de Galicia (5€)

XOV 9 **DEIXA QUE CHE CONTE**

20:30 h Badalo, Abrahamsen, Chaikovsky
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Ilse Eerens, soprano
Auditorio de Galicia (18€)

XOV 16 **A CLÁSICA HISTORIA**

20:30 h C. P. E. Bach, Haydn, Boccherini
Amandine Beyer, directora
Diego Ares, clavecín
Auditorio de Galicia (18€)

CONCERTOS DIDÁCTICOS:

PLAYLIST RFG

SAB 25 18:00 h Varios autores/as
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Miguel Ángel Cajigal "El Barroquista", concepto e narración
Sebastian Zinca, director
Auditorio de Galicia (3€)

NOVIEMBRE 2025

XOV 6 **ELEXÍA PARA BRAHMS**

20:30 h Giménez-Comas, Parry, Glanert, Brahms
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Ruth Reinhardt, directora
Auditorio de Galicia (15€)

XOV 13 **A FAMILIA SCHUMANN**

20:30 h Goás, Ortiz, Schumann
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (15€)

XOV 20 **CINEUROPA: SING-SING**

VEN 21 Dessner
20:30 h **REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Ben Voce, director
Auditorio de Galicia
(15€ xoves e 15€/21€ con petisco o venres)

XOV 27 **CICLO DE LIED: MÚSICA MASÓNICA**

20:30 h Mozart
Ilker Arcayürek, tenor
Maciej Pikulski, piano
Coro Masculino dos Amigos da Ópera de Santiago de Compostela
Joan Company, director do coro
Auditorio de Galicia (12€)

DECEMBRO 2025

XOV 4 **IRMANDADE**

20:30 h Rodríguez, Pärt, Baciewicz, Farrenc
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (15€)

XOV 11 **SELECCIÓN NOVO/A**

20:30 h **DIRECTOR/A ASISTENTE**
Magrané, Ligeti, Beethoven
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (15€)

XOV 18 **CANTAMOS!**

VEN 19 Mozart, Rossini, Verdi, Donizetti, Bizet
20:30 h **REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Javier Fajardo, director
Coros participativos
Milan Périscic, barítono
Andrea Rey, mezzo soprano
Auditorio de Galicia (15€)

XANEIRO 2026

LUN 5 **CONCERTO DE REIS:**

MAR 6 A CINCENTA
20:30 h Prokófiev
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Lorena Conde, dramaturxia e dirección escena
Lidia Veiga, actriz
Belén Constenla, actriz
Auditorio de Galicia (15€)

XOV 15 **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**

20:30 h Programa por determinar
Thomas Dausgaard, director
Auditorio de Galicia (18€)

XOV 22 **IMPRESIONES NOCTURNAS**

20:30 h Romero, Ravel, Howe, Fauré
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Johanna Malangré, directora
Alexandra Dariescu, piano
Auditorio de Galicia (18€)

XOV 29 **AO LONXE**

20:30 h García, Prokófiev, Sibelius
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Raquel Areal, violín
Auditorio de Galicia (18€)

FEBREIRO 2026

XOV 5 **ILUMINACIÓN**

20:30 h Cánovas, Mozart, Poulenc
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Agata Zajac, directora
Silvia Rozas Ramallal, frauta
Auditorio de Galicia (18€)

VEN 13 **(EN)FOCO #2: PHILIP GLASS**

20:30 h Glass
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Novo/a director/a asistente da RFG
Kebyart, cuarteto de saxofóns
Auditorio de Galicia
(15€ ou 21€ con petisco)

SAB 28 **30º ANIVERSARIO:**

20:30 h **HISTORIAS DA HISTORIA**
Programa sorpresa
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (15€)

MARZO 2026

XOV 5 **CICLO DE LIED:**

20:30 h **HISTORIAS EN PALABRAS**
Schubert, Wolf, Stephan, Shostakovich
Franz-Josef Helig, baixo
Gerold Huber, piano

SÁB 14 **CONCERTOS DIDÁCTICOS:**

18:00 h **SON SALVAXE!**
López-Montes
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
La Maquiné, compañía de teatro
Dramaturxia e dirección artística:
Joaquín Casanova e Elisa Ramos
Director musical: José López-Montes
Intérpretes: Noé Lifona e Elisa Ramos
Auditorio de Galicia (3€)

RFG EN SANTIAGO

MARZO 2026

XOV 19 RETRATO DA NATUREZA
20:30 h Rameau, Leclair, Muffat, Knecht
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Amandine Beyer, directora e violín solista
Auditorio de Galicia (18€)

XOV 26 ESPELLOS SONOROS
20:30 h Sánchez-Verdú, Bartók, Dutilleux
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Baldur Brönnimann, director
Juan Pérez Floristán, piano
Auditorio de Galicia (18€)

ABRIL 2026

VEN 10 (EN)FOCO #3: RAPSODIAS
20:30 h **AFRICANAS**
Keita
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Clark Rundell, director
Seckou Keita, intérprete de kora
Auditorio de Galicia
(15€ ou 21€ con petisco)

SÁB 18 CONCERTOS DIDACTICOS:
18:00 h **ANIMALIA**
Vivaldi, Rameau, Haydn, Chaikovsky
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Sofía Nereida, actriz e música
António Miguel Teixeira, actor e músico
Jan Wierzba, director
Auditorio de Galicia (3€)

XOV 23 MARES DE HISTORIAS
20:30 h Erkoreka, Buíde, Britten, Sibelius
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, directo
Auditorio de Galicia (15€)

XOV 30 FENDAS DO SILENCIO
20:30 h Domínguez, Saunders, Guerrero
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Vimbayi Kaziboni, director
Noè Rodrigo Gisbert & Adélaïde
Ferrière, percusión
Auditorio de Galicia (18€)

MAIO 2026

VEN 8 OBRADOIRO DE COMPOSICIÓN
20:30 h **RFG / RESIS.LAB IV**
Varios
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Armando Merino, director
José Manuel López López,
profesor de composición
Auditorio de Galicia (Entrada de balde)

XOV 21 UNIVERSOS PARALELOS
20:30 h Núñez Hierro, Byström, Hummel, Honegger
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Zoe Zeniodi, directora
Esteban Batallán, trompeta
Auditorio de Galicia (18€)

XOV 28 ORIXES
20:30 h Handel, Abel, J. C. Bach
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Amandine Beyer, directora
Auditorio de Galicia (15€)

XUÑO 2026

XOV 4 VARIACIÓNS DA HISTORIA
20:30 h **REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Santiago Cañón, violonchelo
Auditorio de Galicia (18€)

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

CONDICIÓN APLICABLES AOS ABONOS DA PROGRAMACIÓN 2025/26

VALIDEZ DO ABONO

Os abonos poderán ser trimestrais ou anuais e serán válidos para as actividades indicadas nesta publicación.

LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá unha tarxeta de abono que conterá as entradas co mesmo número de fila e butaca para todo o período de abono mercado. Poderase reutilizar a tarxeta de temporadas pasadas. Unha vez retirada a tarxeta a persoa farase responsable dela. Para os abonos individuais o Auditorio entregará un duplicado de tarxeta en caso xustificado de perda, deterioro, roubo ou destrución. Para os abonos colectivos non se entregarán duplicados de tarxeta, en caso de solicitude dunha nova tarxeta deberase abonar a cantidade de 5 € por tarxeta extraviada.

UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico.

A tarxeta de abono que dá acceso aos concertos estará identificada nominalmente, pero isto non impide que sexa transferible a outras persoas. No caso de que a persoa abonada non poida asistir ao concerto, poderá asistir outra persoa no

seu lugar coa súa tarxeta. Para o efectivo control de entrada e para ser responsables da trazabilidade dos asistentes, en caso de que fose necesario, a persoa abonada deberá comunicar ao Auditorio de Galicia o nome e datos de contacto da persoa que asistiu no seu lugar.

ORGANIZACIÓN

Se por razóns de organización houbese que programar un dos concertos de abono mediante distribución non numerada, a persoa abonada, aínda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá aterse ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún dereito a esixir filas ou butacas ocupadas.

ALTERACIÓNS

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír algún artista ou formación musical, así como cancelar calquera dos concertos programados. Calquera destes supostos non dará dereito ao reintegro do abono.

RENOVACIÓN DE ABONOS

Os días 20, 23, 24, 25, 26 e 27 de xuño de 2025:
→No teléfono do Auditorio 981 571 026, de 10:00 h a 14:00 h.

NOVOS ABONOS

Os días 27 e 30 de xuño e 15, 16, 17, 18 e 19 de setembro de 2025:

→No teléfono do Auditorio 981 571 026 e despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 10:00 h a 14:00 h.

ABONOS COLECTIVOS

Os días 15, 16, 17, 18 e 19 de setembro de 2025, no despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 10:00 h a 14:00 h.

→Haberá 50 abonos á venda a disposición de asociación culturais e veciñais, escolas de música e centros educativos públicos. Para a compra destes abonos deberá acreditarse documentalmente a pertenza aos colectivos especificados.

→Cada entidade poderá dispoñer dun único abono.

→Cada abono contén catro entradas por concerto.

→Deberá adquirirse o abono para toda a temporada.

→Serán asignadas filas e butacas unha vez rematada a renovación de abonos e compra de novos abonos.

→En caso de ter máis solicitudes que abonos colectivos dispoñibles, serán adxudicados por sorteo.

MODALIDADE DE ABONOS

ABONO A: outubro 2025 - maio 2026

23 Concertos: 372,00 €
25% desconto: 279,00 €
Abono especial: 186,00 €

ABONO B: outubro 2025 - xaneiro 2026

13 Concertos: 207,00 €
15% desconto: 175,95 €
Abono especial: 103,50 €

ABONO C: febreiro - maio 2026

10 Concertos: 165,00 €
15% desconto: 140,25 €
Abono especial: 82,50 €

(EN)FOCO

Concerto: 15,00 €
Concerto con petisco + bebida: 21,00 €
ABONO (3 concertos): 40,00 €
ABONO (3 concertos con petisco + bebida): 58,00 €

ABONO FLEXIBLE 5

(5 concertos a elixir): 62,50€

ABONO FLEXIBLE 10

(10 concertos a elixir): 125,00 €

(1): Abono Especial (para estudantes e persoas xubiladas co 50% de desconto)

(2): Abono Colectivo: 600,00 €

VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada, a partir do día 25 de setembro:

→Preferentemente deberase mercar as entradas en: compostelacultura.gal

→Na Zona C. Punto de información cultural (Preguntoiro, 1. Praza de Cervantes). De martes a sábado de 11:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 19:00 h.

→No despacho de billetes do Auditorio de Galicia ou no teléfono 981 571 026, só os días do concerto de 19:30 h a 20:30 h.

MÉTODO DE PAGO

Mediante pago por transferencia bancaria ou tarxeta Visa ou Mastercard.

DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

→As entradas soltas para cada concerto terán os descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

→A entrada para os Concertos familiares da RFG terá un prezo de 3 euros.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR

Baldur Brönnimann

DIRECTOR ASISTENTE

Sebastian Zinca

FRAUTAS

Laurent Blaiteau
Luís Soto

ÓBOES

Christina Dominik
Esther Viúdez

CLARINETES

Beatriz López
Vicente López

FAGOTS

Juan Carlos Otero
Manuel Veiga

TROMPAS

Jordi Ortega
Alfredo Varela
Xavier Ramón

TROMPETAS

Javier Simó
Ramón LLátser

TIMBAL

José Vicente Faus

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda
de concertino
Anca Smeu, copríncipal
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczal
Matthias Emmerink (interino)

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora
Nikolay Velikov
Samira Ajkic
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Elina Viksne
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Natalia Madison
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ignacio Marino (interino)

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska
Millán Abeledo
Carlos García
Manuel Lorenzo
Thomas Piel
Fabio Arias (interino)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez
Alfonso Morán
Amador del Pozo (interino)

→EQUIPO TÉCNICO DA RFG

DIRECTORA TÉCNICA
Sabela García Fonte

COORDINADORA DE ACTIVIDADES

Mariluz González Domínguez

PRODUCCIÓN

Esther Calvo Vázquez

ADMINISTRACIÓN

Aurora Díaz Varela

ARQUIVEIRA

María del Carmen Lorenzo
Vizcaíno

UTILLEIROS

Francisco Fernández e
Juan Ramos (Servicio Móvil)

→CONSORCIO DE SANTIAGO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN Presidenta

Dña. Goretti Sanmartín Rei
Alcadesa de Santiago de
Compostela

Vicepresidentes

Dña. Lidia Sánchez Milán
Subsecretaria do Ministerio
de Hacienda

D. José López Campos
Conseleiro de Cultura, Lingua
e Xuventude da Xunta de Galicia

Vogalías

D. Rafael Guerra Posadas
Subsecretario do Ministerio de
Transportes y Movilidad Sostenible

Dña. María del Carmen Páez Soria
Subsecretaria do Ministerio de
Cultura

D. Román Rodríguez González
Conseleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación
Profesional da Xunta de Galicia

D. Miguel Corgos López-Prado
Conseleiro de Facenda e
Administración Pública da Xunta
de Galicia

D. Borja Verea Fraiz
Conseleiro do Concello de
Santiago de Compostela

D. Gumersindo Guinarte Cabada
Conseleiro do Concello de
Santiago de Compostela

Secretario

**D. José Manuel
González García**
Vicesecretario do Concello
de Santiago de Compostela
e secretario do Consorcio
da cidade de Santiago de
Compostela

**Teñen dereito de asistencia,
con voz e sen voto:**

D. Francisco Javier Ulloa Arias
Interventor do Concello de
Santiago de Compostela
e responsable de control
do Consorcio da cidade de
Santiago de Compostela

**D. José Antonio
Domínguez Varela**
Xerente do Consorcio da cidade
de Santiago de Compostela

**Asiste por invitación
da presidencia:**

Dña. María Rozas Pérez
Concelleira do Concello de
Santiago de Compostela

COMISIÓN EXECUTIVA Presidenta

Dña. Goretti Sanmartín Rei
Alcadesa de Santiago de
Compostela

Vogais

D. Juan Ángel Esteban Paul
Inspector xeral do Ministerio
de Hacienda

Dña. Elvira Mª Casal García
Secretaria xeral técnica da
Consellería de Cultura, Lingua
e Xuventude da Xunta de Galicia

Secretario

D. José Manuel González García
Vicesecretario do Concello de
Santiago de Compostela
e secretario do Consorcio

da cidade de Santiago de
Compostela

**Teñen dereito de asistencia,
con voz e sen voto:**

D. Borja Verea Fraiz
Concelleiro do Concello de
Santiago de Compostela

D. Gumersindo Guinarte Cabada
Concelleiro do Concello de
Santiago de Compostela

D. Francisco Javier Ulloa Arias
Interventor do Concello de
Santiago de Compostela
e responsable de control
do Consorcio da cidade de
Santiago de Compostela

D. José Antonio Domínguez Varela
Xerente do Consorcio da cidade
de Santiago de Compostela

Por invitación da presidencia:

Dña. María Rozas Pérez
Concelleira do Concello de
Santiago de Compostela

UNIDADE ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño
Emilia Díaz Varela
Elisa González Rosendo
Jorge Sampayo Salgueiro
Mercedes Suárez Louza
Begoña Vázquez Rodríguez

→AUDITORIO DE GALICIA

CONSELLO REITOR Presidenta

Goretti Sanmartín Rei
Alcadesa de Santiago
de Compostela

Vogais

José Antonio Constenla Ramos

Miriam Louzao Fernández
Marta Abal Rodríguez
María Rozas Pérez

Secretario

José Manuel González García

Interventor

Francisco Javier Ulloa Arias

Director-Xerente

Xaquín López González

Persoal

David Areán Rivas
Chus Busto Castiñeiras
Santiago Cabrera Fontenla
Rogelio Fernández García
Antonio Liñares Fernández
Carlos Marcote Antelo
José Mayo Suárez
Carlos Millán Calenti
Silvia Modia Ferreiro
Ángeles Otero Cabanas
Ana Parga Salgado
Ángela Pereira Costa
Silvia Roca Baamonde
Javier Rodríguez Sanmartín
José Rodríguez Sanmartín
Antonio Vieites Balsa

→CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN

Textos do programa
Rosa Fernández
Doutora en Musicoloxía

Deseño e Maquetación
Patricia Portela Vaamonde

**Comunicación, Redes
sociais e Prensa**

Thaís Menezes de Oliveira
(100x100 Comunicación +
Creatividade)

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

X

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**FILHARMONÍA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

